



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Secretaría Xeral

REXISTRO XERAL da Xunta de Galicia - R1
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS
PÚBLICAS E XUSTIZA - SANTIAGO DE COMPOSTELA

23 MAR. 2010
NÚMERO
8376 SAÍDA


Para o seu coñecemento remítolle publicación no DOG da Orde de 5 de marzo de 2010 pola que se declara de utilidade pública a Asociación Ourensana de Esclerosis Múltiple, Ela, Parkinson y otras Enfermedades Neurodegenerativas.

De conformidade co establecido no art. 5 do Real Decreto 1740/2003, de 19 de decembro, sobre procedementos relativos a asociacións de utilidade pública, e disposición adicional única, esta asociación queda obrigada a presentar ante o Rexistro provincial de asociacións adscrito ao Departamento territorial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, da Coruña, as contas anuais e memoria descriptiva das actividades realizadas, dos exercicios económicos seguintes a data de declaración de utilidade pública, no prazo de 6 meses seguintes á finalización dos ditos exercicios.

Infórmolle así mesmo que para os efectos de acollerse ao réxime fiscal especial da Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado (B.O.E. de 24 de decembro) deberá cumplir os requisitos enumerados no seu artigo 3. Cabe destacar que entre eles, encóntrase o de destinar a totalidade do seu patrimonio, en caso de disolución, a algunas das entidades consideradas como entidades beneficiarias do mecenado aos efectos desta Lei 49/2002 ou entidades públicas de natureza no fundacional que persigan fins de interese xeral circunstancia que debe estar expresamente contemplada nos estatutos da entidade.

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2010

A xefa do servizo de Registro e Asesoramento de Entidades Corporativas e de Dereito Privado



María Amadora Rodríguez Carreira

Presidente da Asociación Ourensana de Esclerosis Múltiple, Ela, Parkinson y otras Enfermedades Neurodegenerativas.
Rúa da Farixa, 7- Finca Sevilla
32005 Ourense

III. OUTRAS DISPOSICIÓN

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Orde do 5 de marzo de 2010 pola que se declaran de utilidade pública diversas asociacións.

Por iniciativa das correspondentes asociacións, poderán ser declaradas de utilidade pública aquelas que reúnan os requisitos establecidos no artigo 32 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociacións.

O expediente foi instruído de conformidade co previsto no Real decreto 1740/2003, do 19 de decembro, sobre procedementos relativos a asociacións de utilidade pública, e neste consta a documentación e os informes previstos na citada norma.

O Decreto 157/2008, do 10 de xullo, sobre asunción de funcións da administración do Estado traspasadas á Comunidade Autónoma de Galicia, mediante o Real decreto 1080/2008, do 30 de xuño, en materia de declaración de utilidade pública de asociacións, asigna estas funcións á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, establecendo que será competente para resolver o procedemento de declaración de utilidade pública a persoa titular da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, logo da instrución do procedemento polo órgano correspondente.

De conformidade co informe favorable de declaración de utilidade pública, emitido polo instrutor do expediente,

RESOLVO:

Declarar de utilidade pública as seguintes asociacións inscritas no Rexistro Provincial de Asociacións de Ourense:

Denominación	Nº de rexistro
Asociación Ourensana de Esclerosis Múltiple, Ela, Parkinsón y otras Enfermedades Neurodegenerativas	1996/1673-1*
Asociación do Centro de Desenvolvemento Rural O Viso	1990/894-1*

Contra esta orde que pon fin á vía administrativa, pode interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, podendo interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes, segundo o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de

réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 2010.

Alfonso Rueda Valenzuela
Conseiller de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

Resolución do 16 de marzo de 2010, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se establece e se regula o Programa de escolas abertas presenciais 2010 destinadas as comunidades galegas no exterior.

O Estatuto de autonomía de Galicia no seu título preliminar reconécelles ás comunidades asentadas fóra de Galicia o dereito a colaborar e compartir a vida social e cultural do pobo galego. A Lei 4/1983, do 15 de xuño, de recoñecemento da galeguidade, determina que as comunidades galegas son entidades associativas sen ánimo de lucro que teñen personalidade xurídica e o seu obxecto é o mantemento de lazos culturais ou sociais con Galicia, a súa xente, a súa historia, a súa lingua e cultura.

A Secretaría Xeral de Emigración configúrase como o órgano superior da Administración da comunidade autónoma a que lle corresponden as competencias en materia de desenvolvemento da Lei 4/1983, do 15 de xuño, de recoñecemento da galeguidade, relacións coas comunidades galegas no exterior e a confección e xestión dos programas de formación ou especialización dirixidos ás comunidades galegas residentes no exterior.

Para avanzar no fomento da cultura galega nas súas diferentes manifestacións artísticas e co fin de promover a participación dos cidadáns galegos e galegas e das comunidades en que se integran na nosa vida cultural e social, faise necesario o deseño e implantación dunha programación formativa de carácter presencial que se desenvolverá durante o vindeiro mes de xullo en Santiago de Compostela.

A especialización e a adquisición de novos coñecementos e ferramentas nas distintas materias formativas impartidas posibilitarán unha maior implicación e colaboración da xuventude no seo das entidades galegas do exterior, favorecendo deste xeito a súa dinamización.

En virtude do exposto, e en exercicio das competencias atribuídas no Decreto 325/2009, do 18 de xuño, de acordo co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, naqueles preceptos que sexan básicos e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e